

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 10 DE MARZO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE DIEGO CALVO POUSO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a sinalización, identificación, información, publicidade e actividades de promoción das oficinas de farmacia e boticas anexas de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado do itinerario e pasarela peonil no treito do Camiño de Santiago (Camiño Inglés) en Abegondo, de clave 2024/118.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado do itinerario e pasarela peonil no treito alternativo do Camiño de Santiago (Camiño Inglés) no lugar da Sionlla, en Santiago de Compostela, de clave 2024/119.
- Acordo polo que se declara de interese autonómico o proxecto que desenvolverá o futuro Centro de alto rendemento de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, polo procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, e varios criterios de adxudicación do contrato privado de concesión de servizos da xestión integral do complexo acuático e clínica deportiva de Acea da Ma por importe de corenta e nove millóns setecentos dezaioito mil setecentos once euros (49.718.711 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para subvencionar o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2025-2026, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 €), e se lle autoriza a concesión de pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido na normativa de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para subvencionar o funcionamento do centro de formación profesional Rosalía Mera durante o curso escolar 2025-2026, por importe total de cento seis mil novecientos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €), e se lle autoriza a concesión de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 e de proxectos de información, prevención e sensibilización en materia de trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Importe: seiscientos trinta mil euros (630.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e Instituto Tecnolóxico de Galicia, Universidade de Vigo, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia, para a creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade no ámbito do programa Retech (Redes Territoriales de Especialización Tecnolóxica) a través de Incibe, e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU, por un importe total de oito millóns catrocentos setenta e nove mil cento sesenta e oito euros con vinte e seis céntimos (8.479.168,26 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade de Pontevedra”, actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 cun investimento estimado de seiscientos trinta e tres mil seiscientos setenta e seis euros con oitenta e nove céntimos (633.676,89 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Folgoso do Courel, para a execución das obras de humanización do acceso a Fondo da Vila, por un importe de trescentos mil seiscientos dezasete euros con noventa e seis céntimos (300.617,96 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia, por un importe de cento setenta e catro mil douscentos corenta euros (174.240,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de oitocentos oitenta e cinco mil euros (885.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais, á exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e a conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de artes escénicas e a súa convocatoria para o ano 2025, por importe de douscentos oitenta mil euros (280.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Federación de Cineclubes de Galicia para o desenvolvemento de programación cinematográfica dos cineclubs galegos en 2025 por importe de sesenta mil euros (60.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural para a exención da achega de garantías ás persoas beneficiarias de pagamentos a conta das axudas concedidas ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio á cooperación en actividades de información e promoción dos produtos agrícolas e alimenticios galegos acollidos a réximes de calidade realizadas por grupos de produtores, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, e se convocan para o exercicio orzamentario 2025, por un importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia sobre a asunción de novas competencias para a análise de datos e toma de decisións en políticas públicas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a contratación da elaboración do "Plan específico para a zonificación da implantación de vertedoiros de residuos non perigosos dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia".

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o balance de execución no ano 2024 do III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza de Galicia. Senda 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: "Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) nas rutas de acceso polo norte á cidade de Ferrol" cun investimento dun millón oitocentos catro mil vinte e oito euros con noventa e tres céntimos (1.804.028,93 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Rede Eusumo e os seus resultados no fomento e na promoción do cooperativismo e da economía social.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os avances na execución do programa de Ciencias Mariñas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZA O REGULAMENTO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO PARA FACILITAR A TRAMITACIÓN E ADAPTALA ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS E NORMATIVA

- O Consello do Goberno galego acordou hoxe aprobar o texto do proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia
- Apóstase por unha maior funcionalidade e simplicidade tanto para a cidadanía como para o persoal que deba aplicar a norma

O Consello da Xunta acordou aprobar o texto do proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. O obxectivo das modificacións é facilitar a tramitación e adaptar o texto tanto ás novas tecnoloxías como aos últimos cambios normativos. Apóstase así por unha maior funcionalidade e simplicidade, tanto para a cidadanía como para o persoal que deba aplicar a norma.

Entre as novidades está a de establecer a posibilidade de que as solicitudes nas distintas fases do procedemento se poidan presentar de xeito telemático. Deste xeito, a inscrición, modificación e cancelación de parellas de feito poderase facer consonte as leis de procedemento administrativo común e da administración dixital de Galicia.

Ademais, a reforma permitirá darlle resposta ás principais incidencias recollidas nos rexistros e que teñen relación coa achega do certificado rexistral de fe de vida e estado, coa acreditación da veciñanza civil galega e coa falta de fixación temporal do tempo mínimo de convivencia. Outra das dificultades máis detectadas está relacionada coa interpretación do artigo 11 do regulamento de parellas de feito de Galicia, que recolle os requisitos comúns das solicitudes de inscrición. As dúbidas céntranse na documentación que se require en cada rexistro para acreditar o cumprimento de todos os requisitos.

Nesta liña, introdúcese unha nova redacción do artigo para determinar a documentación acreditativa de todos os requisitos esixidos que as persoas interesadas deben achegarlle ao rexistro e harmonízanse os criterios de interpretación entre os catro rexistros de parellas de feito de Galicia.

Artigos con modificacións

Segundo o texto aprobado hoxe, o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia estrutúrase nun artigo único que modifica os artigos 5, relativo aos requisitos para a inscrición, 8, sobre publicidade e cesión de datos, 9, referido ás solicitudes, lugar e forma de inscrición, 10, sobre a lexitimación para solicitar as inscricións, e 11, dos requisitos comúns das solicitudes de inscrición

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A redacción tamén varía no caso dos artigos 17, relativo á tramitación da solicitude, 19, sobre resolución, prazo, motivación e notificación, e 24, de corrección de erros. Pola súa banda, os artigos 13 e 14 engaden incisos finais sobre a posibilidade de consulta automática dos documentos de identidade. No artigo 21 modifícase o punto 2, sobre a inscrición, ao igual que no 23, sobre a cancelación, e no 26 cambia o punto 1 sobre o acceso á información.

A maiores, modifícanse as disposicións adicionais primeira e segunda da norma en vigor, sobre formularios e datos de carácter persoal, respectivamente, e os anexos I a VI do decreto. Ademais, incorpórase o artigo 16 bis, referido a trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude, a disposición adicional terceira, sobre referencias aos departamentos territoriais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e mais unha disposición derradeira única de entrada en vigor. Engádese tamén o anexo VII.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZA A REGULACIÓN DA PUBLICIDADE NAS FARMACIAS E FIXA OS REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR NA SÚA ACTIVIDADE EN INTERNET OU REDES SOCIAIS

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes salienta que o obxectivo é limitar calquera comunicación que “fomente o uso de medicamentos” o cause un “prexuízo” á saúde da cidadanía
- As boticas só poderán publicitarse incluíndo o enderezo, teléfono ou horario nos tickets, bolsas, empaquetado e na web así como informando das campañas sanitarias nas que participan
- O novo decreto prohibe que as farmacias inclúan ferramentas de autodiagnóstico nos seus perfís en internet así como recorrer a influencers con fins publicitarios
- A sinalización das oficinas de farmacia deberá ser sempre unha cruz verde grega ou de malta que só estará acendida durante os seus horarios de apertura e de garda
- O decreto establece un prazo de seis meses para adaptarse a esta nova normativa

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou de que o Consello da Xunta aprobou esta mañá o novo decreto polo que se regula a sinalización, identificación, información, publicidade e actividades promocionais das oficinas de farmacia e boticas anexas.

Tal e como explicou Calvo, o obxectivo é actualizar a lexislación vixente, de 2008, e adaptala “á nova realidade social, sobre todo no ámbito dixital”. Por iso, o novo decreto regula tamén os requisitos que deben cubrir as oficinas de farmacia na súa actividade en internet sexa a través dunha web propia ou das redes sociais. “Queremos limitar calquera tipo de comunicación ou publicidade que fomente o uso de medicamentos ou que poida supoñer un prexuízo á saúde ou seguridade da cidadanía”, indicou o conselleiro.

Estruturado en 8 artigos, o novo texto introduce unha serie de prescricións nas que se definen os requisitos que deben cumprir este tipo de establecementos sanitarios na súas actividades publicitarias e informativas. Así mesmo, tamén estandariza os elementos de sinalización das oficinas de farmacia na nosa comunidade.

Coa nova regulación, as oficinas de farmacia poderán publicitarse a través dos envoltorios, bolsas ou o papel empregado para os produtos dispensados, así como a través dos tickets de venda, a internet e mensaxería instantánea ou similares, sempre e cando nestas informacións consten, unicamente, os seus datos xerais de identificación: enderezo, contacto, horarios, calendario de gardas, etc. Tamén se permitirá a publicidade a través destes medios, das actividades sanitarias ou servizos autorizados ou acreditados pola administración sanitaria, que se realicen na oficina de farmacia.

Regulación das informacións no ámbito dixital

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as novidades que achega o decreto destaca a regulación de todas aquelas informacións e publicidade que as oficinas de farmacia difundan no ámbito dixital, ben sexa a través da súa páxina web, ou ben por medio das súas redes sociais.

Nestas plataformas, ademais de proporcionar datos sobre a súa localización e contacto, estará permitido achegar “información xeral sobre o uso racional de medicamentos” promovidos pola Administración sanitaria e os colexios oficiais de Farmacia, promover a educación sanitaria e a prevención das enfermidades, e tamén informar sobre aquelas campañas sanitarias nas que participe.

O envío de boletíns informativos por parte das oficinas de farmacia, o uso de tarxetas de fidelización ou ferramentas similares, así como a participación en campañas promocionais de calquera tipo, unicamente estarán permitidas cando non se refiran a medicamentos nin a produtos sanitarios e así se faga constar expresamente.

Están permitidos descontos sobre o prezo de venda que se contemplen na normativa de aplicación ou as promocións propias dos fabricantes ou distribuidores. Igualmente, as farmacias só poderán ofrecer incentivos, agasallos, premios ou obsequios, nos casos permitidos na normativa básica que resulte de aplicación.

Pola contra, tal e como explicou Calvo, nin a súa web, nin as súas redes sociais “poderán ofrecer ou enlazar con ferramentas de autodiagnóstico ou automedicación”, nin tampouco estará permitido facer publicidade da oficina de farmacia mediante a intervención de persoas de relevancia ou impacto mediático -influencers-.

Sinalización das oficinas de farmacia

Outra das medidas que inclúe este novo decreto, que substituirá o Decreto 107/2008, do 15 de maio, será a regulación relativa á sinalización e identificación das oficinas de farmacia e boticas anexas.

Neste sentido, o decreto define e estandariza os elementos de rotulación e soportes que deben empregar os establecementos farmacéuticos, co obxectivo de facilitar a súa localización por parte da cidadanía.

Así, a sinalización das farmacias será sempre unha cruz grega ou de malta, de cor verde que soamente permanecerá coa iluminación acendida durante os seus horarios de apertura e de garda.

No texto deste decreto, en cuxa elaboración participaron os colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia, establécese un prazo de seis meses para adaptarse aos requirimentos dunha normativa que reforza a condición de establecemento sanitario das farmacias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ARRINCA O PLAN DE MELLORA E ACCESIBILIDADE VIARIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA RUTA INGLESA AO SEU PASO POLOS CONCELLOS DE ABEGONDO E SANTIAGO

- Calvo salienta que o obxectivo deste plan, dotado de 40 M€, é “afastar aos peregrinos das zonas máis perigosas da circulación” para garantir a súa seguridade
- Vanse facer obras en máis de 150 quilómetros de nove rutas xacobeas
- O Consello aprobou hoxe os proxectos definitivos para crear un itinerario peonil en paralelo á N-550 na zona da Sionlla en Santiago e mellorar a ruta en Abegondo ao seu paso polos lugares de Limiñón e Meangos
- As obras nestes dous treitos vanse licitar no prazo dun mes

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que o Consello aprobou os proxectos “para facer melloras en dous puntos do Camiño Inglés ao seu paso polos concellos de Santiago e Abegondo”. Estas actuacións -cun investimento previsto de case 890.000 euros- supoñen o punto de partida do proxecto de mellora da seguridade viaria dos peregrinos no Camiño de Santiago impulsado pola Xunta de Galicia no horizonte do Xacobeo 2027 que actuará en máis de 150 quilómetros dos nove camiños de Santiago.

Calvo resaltou que o obxectivo é “afastar aos peregrinos das zonas perigosas de circulación” e que a Xunta destinará 40 millóns de euros a realizar obras en dez treitos. A previsión é “licitar no prazo dun mes” as actuacións hoxe aprobadas mentres que noutros cinco treitos as obras se iniciarán a partir de outubro e nos últimos tres, entre decembro de 2025 e xaneiro de 2026.

O plan da Xunta inclúe actuacións en nove rutas xacobeas. No Camiño de Inverno e na Vía da Prata, en concreto, haberá obras en 38 km en cada un dos itinerarios. Ademais, actuarase en 25 km do Camiño Norte, en 20 do Camiño Francés e en preto de 15 no Camiño Primitivo. As melloras comprenderán tamén preto de 7 km no Camiño Portugués e pola Costa, 4 no Camiño Inglés e 2 no de Fisterra-Muxía.

No seu conxunto, o proxecto actúa nos lugares do Camiño de Santiago nos que hai treitos comúns coa rede de estradas, creando sendas peonís alternativas nas zonas de circulación de vehículos. Esta iniciativa enmárcase no obxectivo da Xunta de Galicia por traballar na excelencia da experiencia da peregrinación, un dos propósitos do Plan Director dos Camiños de Santiago 2027. Búscase, ademais, reforzar a seguridade dos peregrinos que cada vez son máis numerosos polos distintos itinerarios e que medran a un ritmo actual do 26 %.

Todas as actuacións son froito dun estudo de inventariado e diagnose dos tramos comúns no Camiño de Santiago onde o peregrino comparte estradas de distinta titularidade (provincias, autonómicas ou estatais) cos vehículos. Tras a diagnose, avaliado o seu estado e identificados posibles riscos desde o punto de vista da seguridade viaria, planificáronse as actuacións necesarias para mellorar os tramos comúns no que respecta a súa sinalización, estado de conservación e seguridade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións en Santiago e Abegondo

En concreto, no lugar da Sionlla, en Santiago de Compostela, “vaise crear un itinerario peonil en paralelo á estrada N-550” -indicou Calvo-, atravesando o leito do río Sionlla e por unha agrupación de terreos próximos ao actual percorrido do Camiño Inglés, para así garantir as condicións de seguridade, confort e accesibilidade aos peregrinos. Ademais, dispoñeranse ao longo do percorrido, as medidas de sinalización e balizamento precisas, mediante a instalación de mouteiras con sinal e cuncha do Camiño de Santiago, varanda de madeira de piñeiro, e balizas para impedir o paso dos vehículos.

Pola súa banda, no Concello de Abegondo, o novo itinerario do Camiño Inglés “discorre polos lugares de Limiñón e Meangos”, sobre o río Mero e o Rego do Fontao e por certos treitos da estrada DP-0105 e unha agrupación de terreos que limitan co vial. Parte das actuacións para levar a cabo para a creación da senda atópanse nas marxes ou sobre a estrada DP-0105. No proxecto defínense as medidas para considerar para provocar as mínimas afeccións á estrada durante a execución das obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE INTERESE AUTONÓMICO O PROXECTO QUE DESENVOLVERÁ O FUTURO CENTRO DE ALTO RENDIMENTO DEPORTIVO DE GALICIA

- O novo centro permitirá centralizar a excelencia deportiva de Galicia nun mesmo recinto onde máis disciplinas, instalacións e deportistas teñan cabida
- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes destaca que o obxectivo é que “ningún deportista profesional galego teña que buscar o seu futuro fóra” e “atraer a profesionais de toda España” para que desenvolvan a súa carreira na comunidade
- A ampliación do centro de tecnificación deportiva de Galicia vén motivada polo incremento do alto nivel na nosa comunidade que desde 2011 ten pasado duns 300 deportistas galegos de alto nivel a preto de 1.500

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que o Consello da Xunta “aprobou declarar de interese autonómico o futuro Centro de Alto Rendemento de Galicia” que se construírá en Pontevedra e que contará cun investimento de “30 millóns de euros”.

O Goberno autonómico fai esta declaración ao considerar que este proxecto transcende o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, pola súa magnitude e singulares características que o fan portador dun interese supramunicipal cualificado. Isto supón un novo pulo no impulso ao deporte de alto nivel en Galicia xa que o centro permitirá aumentar os programas de rendemento deportivo que, a día de hoxe, lévanse a cabo no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD), en Pontevedra, así como complementar a práctica das novas modalidades con servizos educativos.

O novo Centro de Alto Rendemento que se integrará coa tecnificación do CGTD permitirá centralizar e xuntar a excelencia deportiva de Galicia nun mesmo recinto onde máis disciplinas deportivas, instalacións e deportistas teñan cabida; conseguir manter o alto nivel do deporte galego en Galicia e alcanzar un maior financiamento do Estado co salto cualitativo que implica pasar dun centro de tecnificación a un de alto rendemento, que sería o terceiro de España. “Ademais, vai garantir que ningún profesional terá que buscar fóra de Galicia o seu futuro por falta de infraestruturas axeitadas e busca atraer a deportistas de toda España para que desenvolvan a súa carreira na comunidade”, indicou Calvo.

O futuro proxecto de interese autonómico (PIA) que se desenvolverá a partir de esta declaración, prevé un complexo de diferentes equipamentos deportivos duns 120.000 m² de superficie, situado no municipio de Pontevedra, a tan só sete quilómetros de distancia do CGTD.

O centro contará con novas instalacións deportivas que se construírán en fases sucesivas e que acollerán a práctica de diversas disciplinas como bádminton, ximnasia, deportes de combate, baile deportivo, escalada, esgrima ou un atletismo, a través dun módulo cuberto. No que respecta á área exterior deportiva están programados circuitos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para BMX, BTT e skate, entre outros. Tamén se desenvolverán zonas comúns, que incluírán aulas para formación, zona administrativa ou servizo médico; así como a residencia para concentracións ou estancias de deportistas de alto nivel. Será un conxunto de infraestruturas destinadas a impulsar distintos compoñentes do sistema deportivo autonómico, ampliar a oferta deportiva e os servizos ás entidades deportivas, empresas, escolas e universidades, así como a promover o desenvolvemento da industria do deporte en Galicia.

Cómpre salientar que, no complexo de Cernadiñas Novas existen, desde hai máis de 50 anos, unhas instalacións deportivas adicadas á práctica de varias modalidades de tiro e mesmo á formación de corpos e forzas de seguridade de diferentes administracións, polo que o novo centro permitirá, asemade, dar unha solución amplamente demandada á situación deste campo de tiro dotando a Galicia dun centro especializado en tiro olímpico e paralímpico.

O crecemento do alto nivel en Galicia

O conselleiro de Deportes indicou que a ampliación do centro de tecnificación deportiva de Galicia vén motivada polo incremento do alto nivel na nosa comunidade que “se multiplicou case por cinco desde 2011” ao pasar “de 300 a 1.500”. Este récord débese ao esforzo dos deportistas de Galicia nos últimos anos, así como ao novo decreto publicado en setembro de 2020 que, ademais do deporte de alto nivel, tamén recoñece o alto rendemento deportivo -práctica deportiva que aínda non pode ser cualificada de alto nivel pero cuxa proxección indica que estará en condicións de selo- e o rendemento deportivo de base -etapa de desenvolvemento e perfeccionamento previa a acadar o alto rendemento deportivo ou o alto nivel-. O mesmo ocorre coas categorías de técnicos-adestradores e xuíces-árbitros, novos colectivos que se incorporan a figura do alto nivel.

Pola súa banda, o CGTD, nado no curso 1987/1988 é a instalación de referencia da excelencia competitiva galega, que tamén contempla a formación académica dos deportistas coa finalidade de conseguir a súa formación integral. Neste novo curso, o CGTD comezou excepcionalmente con 163 prazas (83 mulleres e 80 homes), que poderán ampliarse durante o curso, por riba das 160 ofertadas, dada a gran demanda existente que acadou este ano as 267 solicitudes.

Nos anos 2007 e 2010, respectivamente, incorpóranse á órbita e área de influencia deportiva do CGTD as instalacións do Centro Deportivo Pontillón do Castro e o Centro Galego de Tecnificación de Vela en Vilagarcía, instalacións que completan a preparación dos principais deportistas de piragüismo e vela. No decreto de 2020, incluíuse tamén a figura dos Núcelos de Adestramento Deportivo Especializado (NADE) que son o conxunto de medios humanos e materiais xestionados por unha federación deportiva ou club deportivo, que teñen por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel ou ao alto rendemento deportivo. Na actualidade Galicia conta con trece NADEs, sendo cinco federativos e oito de clubs.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Simulación do resultado final do Centro de Alto Rendemento Deportivo de Galicia de Cernadiñas.:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADXUDICARÁ A XESTIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO DE ACEA DA AMA NA PROCURA DUNHA REMODELACIÓN DAS INSTALACIÓNS QUE MELLORE A EXPERIENCIA DOS USUARIOS

- O prazo de duración do contrato será de 20 anos e a estimación de ingresos anuais é de 2,5 millóns de euros polo que o contrato ten un valor de 50 millóns de euros
- A empresa concesionaria deberá realizar un investimento de 3 M€ no primeiro ano

O Consello da Xunta autorizou a tramitación do expediente de contratación, polo procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, e varios criterios de adxudicación do contrato privado de concesión de servizos da xestión integral do complexo acuático e clínica deportiva de Acea da Ama por importe de preto de 50 millóns de euros (49.718.711 euros). Cómpre salientar a importancia deste complexo de máis de 22.000 m² localizado nunha contorna natural no mapa de infraestruturas galegas que conta con sala de fitness, zona de augas con cinco piscinas climatizadas, sala de actividades, así como outras instalacións como pistas de tenis, canchas de baloncesto, campos de fútbol, rugby e béisbol, ou piscinas exteriores.

A Fundación Deporte Galego ten encomendada a xestión de instalacións deportivas pertencentes á Administración Autonómica como é o caso do complexo acuático e clínica deportiva de Acea da Ama, no Concello de Culleredo. A través da concesión dos servizos de xestión deste espazo, procúrase acadar a remodelación das instalacións para ofertar un servizo actual, seguro e adecuado, logrando mellorar a satisfacción e a saúde dos usuarios mediante a práctica de actividade física.

Deste xeito, a empresa concesionaria deberá realizar un investimento de 3 millóns de euros, no primeiro ano desde a obtención da licenza de obra, dentro dos que se inclúe a proposta de investimentos para melloras funcionais e de uso como reordenación e adecuación das salas para actividades en soto, proposta de zona de xogos en piscina exterior; ademais doutras actuacións no exterior como zona de pistas de padel e tenis, calistenia, crossfit, parque de maiores, circuíto de running...

O prazo de duración do contrato será de 20 anos cunha previsión de aboados de 8.600 a partir do terceiro ano. A estimación de ingresos anuais do complexo acuático e clínica deportiva de Acea da Ama é de 2,5 millóns de euros. A Fundación Deporte Galego ingresará un canon anual fixo de 150.000 euros, así como un canon variable do 4 % dos ingresos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON PRETO DE 600.000 € O SOSTEMENTO DOS CENTROS DE ENSINO PUGA RAMÓN E ROSALÍA MERA, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Renóvase o convenio de colaboración coa entidade provincial nos mesmos termos económicos para atende a arredor de 700 alumnos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios de colaboración coa Deputación da Coruña para o sostemento dos centros educativos Puga Ramón e Rosalía Mera. O Goberno galego destinará case 600.000 € a apoiar o servizo público educativo no curso 2025/26 nestes centros, que atenden máis de 700 alumnos.

A achega da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que se mantén respecto do actual ano académico, destinarase a financiar durante o vindeiro curso parte dos gastos de persoal (docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración e reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á institución provincial para o soporte destes dous centros educativos desde hai anos, de tal xeito que a renovación desta colaboración dá continuidade á prestación deste servizo de ensino público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 630.000 EUROS PROXECTOS PARA SEGUIR LOITANDO CONTRA A TRATA E A EXPLOTACIÓN SEXUAL

- Autorizada a convocatoria dunha orde de axudas con dúas liñas de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro: unha delas é para financiar programas de recuperación e integración sociolaboral das vítimas e a outra para apoiar campañas de información, sensibilización e prevención
- As contías máximas das achegas oscilarán entre os 70.000 euros e os 18.000 euros, en función do programa

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde a unha convocatoria de axudas dirixida a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para financiar os programas que desenvolvan no ámbito da atención ás vítimas de trata e de explotación sexual. O orzamento desta orde de subvencións é de 630.000 euros, un 40 % máis que a anterior, e publicarase este mesmo mes de marzo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Por primeira vez, esta convocatoria inclúe dúas liñas de subvencións. A primeira, dotada de 450.000 euros e cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, é para apoiar os proxectos dirixidos á recuperación e integración sociolaboral das vítimas. Neste caso, o Goberno galego axudará con ata 70.000 euros ás entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan intervencións integrais coas mulleres e nenos vítimas de trata e explotación sexual. En concreto, os apoios destinaranse a accións de atención inmediata; asesoramento xurídico, laboral e social e programas a pé de rúa.

A segunda liña de subvencións conta con 180.000 euros procedentes de fondos finalistas do Estado procedentes do Ministerio de Igualdade no marco da Conferencia Sectorial de Igualdade. Estas achegas sufragarán proxectos de información, prevención e sensibilización, ata un máximo de 18.000 euros por entidade de iniciativa social. Así, a través desta liña, daranse axudas para a elaboración de materiais informativos e didácticos, páxinas web, aplicacións para teléfonos móbiles ou actividades formativas, entre outras.

Esta segunda liña de financiamento tamén inclúe axudas económicas ás vítimas para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, manutención ou hixiénico-sanitarias; así como para facer fronte aos gastos ocasionados polos traslados como consecuencia dos procesos xudiciais que se deriven de situacións de explotación sexual ou trata con fins de explotación sexual.

Esta convocatoria de axudas enmárcase no compromiso da Xunta na atención ás vítimas de trata, unha cuestión na que a nosa Comunidade Autónoma foi pioneira. En xaneiro de 2010, a Xunta e a Fiscalía Superior de Galicia asinaron un protocolo sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas, que se actualizaría dous anos despois. Así mesmo, en agosto de 2022 o Consello da Xunta aprobou o primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O VEHÍCULO AUTÓNOMO GALEGO PARTICIPARÁ NOS PROXECTOS DO PROGRAMA RETECH SOBRE CIBERSEGURIDADE

- O autobús eléctrico sen condutor (Shuttle autónomo) do Centro Tecnolóxico da Automoción (CTAG) será usado pola Universidade de Vigo nos proxectos piloto sobre mobilidade intelixente e ciberseguridade
- O Consello de Goberno aprobou unha modificación do convenio asinado en outubro pasado para a creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación en solucións de ciberseguridade por parte do Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), o CTAG, a UVigo e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant)
- A rede de laboratorios e centros demostradores forma parte do proxecto RETECH para a creación dun Centro de Innovación e Competencia en Ciencias da Saúde, Transporte Intelixente, Industria Conectada e Excelencia Operativa no ámbito da ciberseguridade no que participan Galicia, Cataluña e a Comunidade Valenciana
- Galicia lidera no proxecto trans-rexional os aspectos relacionados coa ciberseguridade no transporte intelixente
- Os laboratorios dedicarán a súa actividade a aspectos como vehículos aéreos non tripulados, tecnoloxías 5G e 6G ou sistemas intelixentes de transportes
- O importe total do convenio é de 8,4 millóns de euros, dos que a Xunta aporta un 75% con parte de fondos europeos

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou hoxe unha modificación do convenio que está a permitir a creación en Galicia dunha rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación en solucións de seguridade no marco do proxecto Retch no que Galicia participa xunto con Cataluña e a Comunidade Valenciana.

Esta modificación permite que a Universidade de Vigo e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia colaboren para o uso en proxectos pilotos do vehículo eléctrico sen condutor desenvolvido por este último (Shuttle autónomo).

En concreto, a addenda ao convenio modifica tres cláusulas texto asinado en outubro do pasado ano para facultar a colaboración entre as partes asinantes e redistribuír o orzamento. Isto permitirá que a Universidade de Vigo e o CTAG colaboren para o desenvolvemento conxunto de actividades relacionadas coa ciberseguridade, a conectividade vehicular e o transporte intelixente. Ambas entidades crearán un laboratorio demostrador conxunto coas tecnoloxías do Shuttle conectado (vehículo lanzadeira eléctrico e autónomo). Esta colaboración inclúe a realización de simulacións e análise de ameazas de ciberseguridade asociadas á comunicación entre vehículos e infraestruturas.

O acordo fora asinado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), a Universidade de Vigo (UVigo), o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta rede de laboratorios forma parte do proxecto Centro de Innovación e Competencia en Ciencias da Saúde, Transporte Intelixente, Industria Conectada e Excelencia Operativa no ámbito da ciberseguridade, no que, ademais de Galicia, participan Cataluña e a Comunidade Valenciana. Trátase dunha das iniciativas do Programa de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica (Retech). Este proxecto común de ciberseguridade ten un orzamento de case 58 millóns de euros, dos que cerca de 19 millóns corresponden a Galicia. Está financiado nun 75% a través do Retech e o 25% restante é aportado polas CC AA.

Galicia lidera os aspectos relacionados coa ciberseguridade no transporte intelixente no centro trans-rexional. O convenio permitirá, entre outros aspectos, crear unha rede de laboratorios que servirán como campo de probas e contorna de formación. O acordo tamén permite o desenvolvemento de ferramentas de ciberseguridade para o espazo aéreo de vehículos non tripulados, para as tecnoloxías 5G e 6G ou para sistemas intelixentes de transporte.

ITG encárgase do deseño e fabricación dun laboratorio móbil avanzado para auditorías de ciberseguridade do espazo aéreo de vehículos non tripulados (UAS) e do desenvolvemento de software necesario para a detección de ciberameazas, caracterización e auditoría de ciberseguridade do espazo aéreo próximo e para simulación de ameazas.

Á Universidade de Vigo correspóndelle a creación dun laboratorio de seguridade, privacidade e confianza en 5G/6G, con diferentes iniciativas de despregue de infraestrutura e demostradores no ámbito da ciberseguridade nas comunicacións necesarias no transporte intelixente.

CTAG responsabilízase da posta en marcha dun laboratorio centrado na ciberseguridade no ámbito da automoción, despregando as capacidades necesarias para a súa validación no vehículo autónomo e conectado.

A Universidade de Vigo e o CTAG traballarán conxuntamente para a integración da infraestrutura 5G/6G da UVigo coas tecnoloxías de Shuttle conectado e outros desenvolvementos do CTAG para a creación dun laboratorio demostrador conxunto; e para realización de simulacións e análises de ameazas de ciberseguridade asociadas á comunicación entre vehículos e infraestruturas, combinando a experiencia de investigación científica da UVigo coa capacidade de transferencia tecnolóxica e industrial do CTAG.

Gradiant abordará a creación dun laboratorio da ciberseguridade 5G especializado en validar os diferentes compoñentes dunha rede 5G. Así mesmo, desenvolverá e validará novas tecnoloxías que se integrarán en redes 5G e avaliará aspectos de ciberseguridade asociados a aplicacións e servizos no ámbito do transporte intelixente. Abordará tamén a posta en marcha dun laboratorio de ciberseguridade industrial, que dará soporte para o desenvolvemento de produtos, solucións ou servizos innovadores sobre unha infraestrutura real que facilite a súa validación. Realizará tamén demostracións do funcionamento e eficacia de diversas tecnoloxías de ciberseguridade industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia coordinará e a rede de laboratorios. A Axencia tamén porá en marcha un laboratorio transversal no Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia en Ourense, que non forma parte deste convenio.

As actuacións do convenio teñen un orzamento de 8,4 millóns de euros, dos que un 75% serán aportado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con fondos do Retech.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 27 PARADAS DE AUTOBÚS EN ESTRADAS AUTONÓMICAS AO SEU PASO POR 10 CONCELLOS DA ÁREA DE PONTEVEDRA, O SALNÉS E TABEIRÓS

- As intervencións suporán un investimento autonómico que rolda os 635.000 euros
- Trátase de actuar no ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade de Pontevedra en 10 estradas ao paso polos concellos da Lama, Barro, Campo Lameiro, Catoira, Ponte Caldelas, Moraña, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Estrada e Forcarei
- Acondicionaranse os carrís para as paradas do autobús, mellorarase a accesibilidade e pavimentarase a contorna coa execución de sendas ou beirarrúas
- As actuacións inclúen a dotación de marquesiñas, a mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e o incremento da visibilidade e iluminación
- Nos vindeiros meses aprobarase o proxecto construtivo e realizarase a xestión das expropiacións, para a continuación licitar as obras e que se poidan executar no ano 2026, xa que contan cun prazo de execución de 12 meses

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 27 paradas de autobús situadas en 10 concellos das contornas de Pontevedra, do Salnés e de Tabeirós, que suporá un investimento autonómico que rolda os 635.00 euros.

Trátase da mellora das paradas de autobús na rede autonómica de estradas no ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade de Pontevedra, no seu percorrido polos concellos da Lama, Barro, Campo Lameiro, Catoira, Ponte Caldelas, Moraña, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Estrada e Forcarei.

O Executivo autonómico tamén deu conta da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos nun total de 10 estradas de titularidade autonómica: PO-222, PO-223, PO-226, PO-255, PO-531, PO-532, PO-536, PO-548, PO-549 e PO-841.

As actuacións proxectadas polo departamento de Infraestruturas da Xunta comprenderán o acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas.

Ademais colocaranse marquesiñas deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras incluírán medidas de seguridade e procederase á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

As actuacións tamén prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

Esta intervención da Xunta é susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

Aprobación

A aprobación definitiva deste proxecto inclúe, tamén, a declaración de utilidade pública das intervencións no ámbito das rutas do transporte público de acceso polo norte á cidade de Pontevedra, polo que se dispón a ocupación dos 9 predios obxecto de expropiación para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación acada os 342,41 m².

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé nos vindeiros meses aprobar o proxecto construtivo e convocar o levantamento de actas previas das expropiacións, para licitar as obras de cara a súa execución no ano 2026. Os traballos contan cun prazo de execución de 12 meses.

Estes proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

PLANO DE SITUACIÓN



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PLANTAS




DETALLES



Modelo urbano
2,76 m x 1,70 m



Modelo rural
3,06 m x 1,65 m



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL PARA A HUMANIZACIÓN DO ACCESO A FONDO DE VILA CUN INVESTIMENTO DE 300.000 EUROS

- A intervención suporá a construción dunha nova vía proposta no PXOM, para facilitar o acceso aos servizos e dotacións municipais, como o albergue, o edificio de usos múltiples ou o museo
- O Goberno galego, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, máis de 210.000 €, contratará e executará as obras
- O Concello achega o 30 % restante, elaborará o proxecto e realizará a xestión para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade, como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Folgoso do Courel para a humanización do acceso a Fondo de Vila, cun investimento de algo máis de 300.000 euros.

A través desta colaboración, trátase de habilitar un novo acceso ao concello, coa apertura da vía V1 proposta no Plan xeral de ordenación urbana municipal (PXOM), para ampliar o acceso aos servizos e dotacións municipais, como son o albergue, o edificio de usos múltiples ou o museo.

En relación ás obrigas dispostas nesta colaboración, a Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70 % do orzamento, máis de 210.000 euros, e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Folgoso do Courel achegará o 30 % restante do custo das obras, algo máis de 90.000 euros; así como a redacción do proxecto, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, e asumir a explotación, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Coa finalidade de humanizar o acceso a Fondo de Vila, a través das obras propónse construír unha calzada única sostida en parte sobre un muro de contención, unha coeira coroada con varandas de madeira, buscando a harmonía co territorio.



O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan Hurbe, coas que a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas se contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización que permiten achegar o modelo urbano a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

todo o territorio.

A colaboración entre este departamento e o Concello de Folgoso do Courel, enmárcase na continuada colaboración entre o Goberno galego e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 174.000 EUROS Á COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CONTROL AEROBIOLÓXICO DE GALICIA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración, con vixencia ata 2028
- Os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a distribución polínica e de esporas presentes na atmosfera e a dinámica das partículas, moi importante a nivel sanitario
- Como resultado desta colaboración, creouse a Rede Galega de Aerobioloxía, que conta cunha serie de captadores que posibilitan a elaboración de mapas, informes e predicións do contido polínico atmosférico

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia. Para tal efecto, o departamento sanitario galego destinará 174.240 euros no período 2025-2028.

Mediante a renovación desta colaboración establécense as condicións polas que se rexerá esta cooperación destinada á prestación do apoio técnico e desenvolvemento das actividades relacionadas co control aerobiolóxico na comunidade.

Segundo establece o convenio, a Universidade de Vigo comprométese, cunha frecuencia semanal, á recollida de mostras aerobiolóxicas en catro estacións localizadas en Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo, xa que a experiencia indica que o contido alerxénico é máis elevado nestas poboacións e a súa localización posibilita realizar extrapolacións de datos a outros territorios.

Así mesmo, a Universidade de Vigo comprométese ao traslado e procesados das mostras validado pola Rede Española de Aerobioloxía; á identificación e recuento dos tipos polínicos alergénicos; ademais de remitir a información polínica á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

De marzo a xullo achegarase a predición de concentración de pole durante o período principal de presenza do mesmo no ambiente e levarase a cabo o traballo de campo e a consulta das variables meteorolóxicas.

Con posterioridade, elaborárase unha memoria de resultados semestral e realizaranse as tarefas de difusión e produción científica dos resultados. A Consellería de Sanidade publicará a información recibida e procederá a valorala en termos de saúde.

Cómpre remarcar que entre as competencias do departamento sanitario galego está o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes de saúde. Entre estas actuacións está o control aerobiolóxico, polo seu grande interese clínico, debido á capacidade alerxénica do pole e a súa utilidade para coñecer a dinámica atmosférica das partículas biolóxicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rede Galega de Aerobioloxía

Na última década, levouse a cabo a monitorización do pole presente na atmosfera galega, tanto por motivos sanitarios como medioambientais, para coñecer a dinámica das partículas.

Como resultado dos convenios de colaboración anteriores entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Sanidade, creouse a Rede Galega de Aerobioloxía, que conta cunha serie de captadores de control aerobiolóxico que permiten a elaboración de mapas, informes e predicións do contido polínico atmosférico en Galicia.

Nos últimos anos, o cambio climático afecta a exposición ao pole e a sensibilización alérxica de varias maneiras, como é no caso do cambio e da prolongación da tempada do pole, na concentración e alerxenicidade, así como na súa distribución xeográfica. Por todas estas razóns, tanto a Consellería de Sanidade como a Universidade de Vigo consideran moi necesario continuar traballando conxuntamente nesta materia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 880.000 EUROS A LOCALIZAR EN CALQUERA PAÍS DO MUNDO DOADORES DE MEDULA ÓSEA COMPATIBLES A TRAVÉS DA RENOVACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do acordo entre o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, e a Fundación Josep Carreras
- O obxectivo é facilitar que pacientes con leucemia que necesiten un transplante de medula ósea e non teñan un familiar compatible poidan ter localizado un doador, tanto en España como no resto do mundo
- Galicia conta con 15.442 doadores de medula rexistrados, dos que máis de 1.200 son novos inscritos o ano pasado
- No ano 2024 leváronse a cabo 213 transplantes de medula ósea na comunidade

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa reunión semanal, a renovación do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), e a Fundación Josep Carreras. A Xunta destina a este acordo 885.000 euros para que calquera paciente galego que precise unha doazón de medula ósea poida localizar un doador compatible.

O doador compatible, en primeiro lugar buscarase en España e, se fose necesario, acudiríase ao resto de rexistros mundiais.

Ao longo do ano 2024 o Servizo Galego de Saúde realizou 213 transplantes de medula ósea. Deles, a maioría foron autólogos ou autotransplantes, 160. Tamén se realizaron 24 transplantes de doadores emparentados e, no caso dos transplantes obxecto do convenio, 29 aloxénicos non emparentados.

Desde o ano 2008, en que se comezou a realizar transplantes aloxénicos na sanidade pública galega, lévanse feitos 494.

Na actualidade, existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: o autólogo, o aloxénico emparentado e o aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles nos que se usan as células do propio paciente. Desta forma realízase a extracción deste tipo de células -que se tratan con medicación-, e que se empregan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles nos que os doadores das células son familiares dos pacientes e que son compatibles.

Por último, os transplantes aloxénicos non-emparentados son aqueles nos que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

familia. Esta conxuntura sucede no 25-30 % dos casos e obriga a buscar ao doador en calquera parte do mundo.

Cando se produce esta situación, iníciase unha busca no ámbito mundial a través do Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (Redmo). Así, o sistema de busca de doadores, coordinado cos organismos nacionais (o Redmo e a Organización Nacional de Transplantes), permite garantir a equidade de calquera paciente no acceso á doazón e avala a eficiencia deste sistema nos ámbitos clínico, administrativo, organizativo ou social.

Incremento de doadores de medula

Galicia incorporou 1.258 novos doadores de medula en 2024 e o total rexistrado dispoñible ascende a 15.442 persoas, a 31 de decembro do pasado ano.

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue agradece a solidariedade de persoas que se ofrecen a facer unha doazón en caso de seren compatibles cun paciente que o precise. Así, en 2024 foron 10 os doadores efectivos de medula.

Desde que en Galicia se comezou a realizar transplantes de medula no ano 1993, son xa 4.470 as intervencións efectuadas na sanidade pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DOTA CON 280.000 AS AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS DE ARTES ESCÉNICAS

- Mantense o orzamento desta subvencións respecto a 2024, ano no que se reforzaron cun incremento superior ao 30 % para estender o seu apoio a 12 mostras
- Coa súa próxima publicación, completaranse as cinco convocatorias do programa anual de axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais ao sector escénico que suman un investimento superior a 1,9 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe as bases e a próxima convocatoria das subvencións de 2025 a festivais de artes escénicas, convocadas anualmente pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para a organización profesional de certames considerados estratéxicos para o sector. Esta liña de apoio mantén a dotación de 280.000 euros respecto a 2024, ano no que foi reforzada cun incremento orzamentario de máis do 30 por cento para alcanzar as 12 mostras subvencionadas, dúas máis que en 2023.

A través desta convocatoria anual, o Goberno galego recoñécelle a este tipo de eventos o seu papel como dinamizadores culturais e como polos de atracción turística, ademais de como plataforma para unha maior proxección social da actual produción escénica de Galicia.

Coa súa publicación, completaranse as cinco convocatorias do programa anual de axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais ao sector escénico de Galicia cun investimento conxunto de máis de 1,9 millóns de euros. Dentro del, acaba de facerse pública a concesión de 215.000 euros para o mantemento da actividade de catro salas privadas e tamén se atopan xa en marcha as liñas para creación escénica, distribución de espectáculos dentro e fóra de Galicia e contratación de compañía galegas no circuito Cultura no Camiño.

Empresas privadas e entidades locais

Esta quinta liña de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, diríxese tanto empresas privadas como a entidades locais galegas organizadoras de festivais profesionais de artes escénicas con datas de celebración comprendidas entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro deste ano. A contía máxima da axuda é de 60.000 euros por proxecto, podendo alcanzar ata o 60 % do orzamento subvencionable. Esta porcentaxe elévase ata o 85 % no caso das solicitudes conxuntas de entidades locais ou daquelas resultantes de fusión.

Os certames candidatos deberán ter realizado dúas edicións anteriores e programar un mínimo de seis compañías. Entre os requisitos exixidos, establécese tamén que o orzamento destinado á contratación artística deberá acadar o 40 % do total e del, cando menos un 30 % deberá investirse en compañías compostas maioritariamente por artistas que desenvolvan a súa actividade profesional en Galicia. Ademais, un mínimo do 60 % da carteleira ten que ser de pago por parte do público, excepto nos festivais de rúa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE CON 60.000 EUROS Á PROGRAMACIÓN CINEMATOGRÁFICA DOS CINECLUBS GALEGOS EN 14 LOCALIDADES

- O Consello dálle luz verde ao convenio coa Federación de Cineclubes de Galicia para o desenvolvemento de 13 ciclos, sete semanas de cine e o Programa Filmoteca, que contribúe a estender a carteleira da Filmoteca de Galicia a outros oito espazos
- Apóiasse o labor de difusión e creación de públicos destas asociacións culturais, con especial atención á exhibición das producións galegas e de filmes independentes con menor presenza no circuío comercial

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude elevou hoxe ao Consello da Xunta de Galicia o convenio de colaboración coa Federación de Cineclubes de Galicia para o desenvolvemento durante 2025 dunha ampla programación cinematográfica en 14 dos cineclubs asociados. Cunha dotación de 60.000 euros, entre as accións apoiadas destaca a organización de 13 ciclos, sete semanas de cine e o programa Filmoteca.

Neste último caso, o obxectivo é continuar descentralizando a actividade de exhibición que a Filmoteca de Galicia leva a cabo na súa sede da Coruña. Así, con esta iniciativa posta en marcha en 2024, a programación estendida que a cinemateca da Xunta viña mantendo cos cineclubs de Lugo, Ourense e Pontevedra chega xa a outras cinco localidades (Bueu, Cangas, O Carballiño, A Illa de Arousa e Vilagarcía de Arousa) e continúa aberta á incorporación de novos espazos coa ollada posta, sobre todo, nos núcleos rurais.

O Programa Filmoteca ofrécelle ao público destas poboacións unha escolma representativa da carteleira ofrecida na sala José Sellier da Coruña no último ano, con especial atención á produción galega máis recente, para a que se reserva o 20% das proxeccións.

O apoio á Federación de Cineclubes de Galicia garante a estabilidade e a calidade dunha carteleira cinematográfica descentralizada e á marxe dos circuítos comerciais, que este ano acollen os cineclubs Teleclub O Acomodador de Allariz, Groucho Marx do Barco de Valdeorras, Bueu, Cangas, O Carballiño, Os Papeiros de Chantada, Entrecortiñas da Illa de Arousa, Valle Inclán de Lugo, Serie B de Narón, Val Miñor AG de Nigrán, Padre Feijoo de Ourense, Pontevedra, Lumière de Vigo e Adegas de Vilagarcía de Arousa

O convenio inclúe, así mesmo, a colaboración coa concesión do Premio Primeiro Olhar no marco dos Encontros de Cinema de Viana do Castelo para documentais presentados por estudantes das escolas audiovisuais de Galicia, Portugal e Brasil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS AMPARADOS POR RÉXIMES DE CALIDADE CUN INVESTIMENTO DE 3 M€

- O Consello da Xunta avaliou hoxe unha nova convocatoria destas axudas, así como a exención da achega de garantías para os beneficiarios, que poden ser agrupacións nas que participan produtores acollidos a selos de calidade diferenciada
- Serán subvencionables as actividades destas agrupacións enmarcadas en proxectos de cooperación dirixidos a inducir o consumidor a adquirir produtos incluídos no marco destes réximes
- Desde 2016, a Consellería do Medio Rural mobilizou máis de 35 millóns de euros a estas achegas que buscan o beneficio da industria agroalimentaria galega, así como dos seus agricultores e gandeiros

O Consello da Xunta avaliou hoxe unha nova convocatoria das axudas para o apoio á cooperación en actividades de información e promoción dos produtos agroalimentarios galegos acollidos a réximes de calidade realizadas por grupos de produtores, dotadas con 3 millóns de euros neste 2025, dos cales 2 millóns son para a presente anualidade e o millón restante para o 2026. A súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para este mes de marzo.

Estas achegas, concedidas ao abeiro do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 23–27, teñen como posibles beneficiarios aquelas agrupacións nas que participan produtores -entendidos como tales os titulares de explotacións agrarias e os das instalacións de transformación- de alimentos galegos acollidos aos diferentes réximes de calidade, isto é, denominacións de orixe protexidas (DOP), indicacións xeográficas protexidas (IXP), produtos ecolóxicos ou de artesanía alimentaria.

Serán subvencionables as actividades destas agrupacións enmarcadas en proxectos de cooperación dirixidos a inducir o consumidor a adquirir produtos incluídos no marco de réximes de calidade. En particular, serán aquelas que se realicen no marco de accións promocionais, publicitarias ou de información e difusión dos requisitos técnicos dos réxime de calidade e coñecementos científicos relacionados con el.

Ademais, tamén se ten en conta a organización de misións comerciais directas ou inversas, a elaboración de plans estratéxicos, estudos técnicos, de mercado, de concepción e a creación de produtos dentro do marco definido no prego de condicións de cada réxime, así como a preparación de material divulgativo e de promoción. Por último, inclúense accións dirixidas á organización, o patrocinio e/ou a participación en foros, intercambio de coñecemento entre empresas, concursos, exhibicións, exposicións, feiras, visitas educativas e outros eventos.

Na reunión do Consello da Xunta tamén aprobou a exención da achega de garantías para os beneficiarios. Deste xeito, poderán cobrar pagamentos parciais sen ter que constituír garantía ningunha para avalar as cantidades cobradas a conta. Esta facilidade que se lles

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

presenta permitirá unha mellora dos posibles problemas de liquidez cos que contén estas entidades para afrontar os gastos nas campañas de promoción, xa que se poden ir percibindo reembolsos antes de ter finalizada totalmente a acción.

Máis de 35 millóns desde 2016

A Consellería do Medio Rural segue a apostar por estas axudas co fin de informar e promocionar os produtos agroalimentarios galegos amparados por réximes de calidade, a través das cales se puxeron a disposición do sector máis de 35 millóns de euros desde o ano 2016 para esta cuestión.

Con estas achegas búscase mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor e a información que teñen os consumidores sobre estes produtos, así como a favorecer a introdución nos mercados dos alimentos con calidade diferenciada e inducir o seu consumo. En definitiva, a súa promoción contribúe á mellora da súa comercialización e beneficia á industria agroalimentaria, pero tamén aos agricultores e gandeiros galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVERTERÁ A OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA PRESIDENCIA NUN CENTRO DE DATOS PARA MELLORAR A TOMA DE DECISIÓNS E AS POLÍTICAS PÚBLICAS

- Centralizará e avaliará toda a información dispoñible na Administración autonómica para coñecer de xeito preciso a realidade galega e mellorar os servizos públicos
- O Instituto Galego de Estatística quedará adscrito a ela e crearase unha subdirección xeral de Coordinación, Estudos e Seguimento
- A Xunta tamén traballa para mellorar a innovación e dixitalización das bases de datos e aplicar novas ferramentas de análise

A Xunta vai converter a Oficina de Coordinación Económica da Presidencia nun centro de datos que apoie á Administración autonómica na toma de decisións, para mellorar as políticas e servizos públicos que se ofrecen na comunidade.

O Consello avaliou hoxe un informe que recolle os pasos a seguir nas vindeiras semanas para acadar este obxectivo. En primeiro lugar, vaise modificar o decreto de estrutura orgánica da Xunta: o Instituto Galego de Estatística vaise adscribir á Oficina de Coordinación Económica da Presidencia e crearase unha subdirección xeral de Coordinación, Estudos e Seguimento. Posteriormente licitarase un contrato para que as empresas tecnolóxicas podan ofrecer os seus servizos para centralizar, xestionar e explotar os distintos datos dos que dispón a Xunta.

Esta medida se enmarca no obxectivo da Administración autonómica de aproveitar as oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías e ferramentas dixitais á hora de avaliar datos e información que poden axudar na toma de decisións políticas.

Deste xeito, a Oficina de Coordinación Económica terá capacidade para recompilar os datos existentes, ordenalos e mesmo amplialos para coñecer de forma precisa a realidade galega.

En paralelo, a Administración autonómica traballa para fomentar a innovación e a dixitalización na xestión de bases de datos e en implantar novas ferramentas de análise e explotación da información que almacenan os diferentes departamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SERÁ A PRIMEIRA COMUNIDADE EN FACER UNHA ZONIFICACIÓN DO SEU TERRITORIO PARA DELIMITAR ONDE SE PODERÁN AUTORIZAR NOVOS VERTEDOIROIS DE RESIDUOS

- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático empezará a traballar en marzo na elaboración dun plan específico que diferencie claramente as zonas nas que, a futuro, será viable localizar este tipo de instalacións daquelas nas que non
- Entre os criterios que se aplicarán para orientar a toma de decisións cómpre destacar a proximidade a áreas residenciais e industriais, a existencia de augas subterráneas e reservas naturais próximas ou a protección do patrimonio cultural
- Grazas a esta ferramenta a Xunta poderá abordar de forma eficiente a xestión e o control da implantación dos vertedoiros, aliviando a presión sobre os existentes e minimizando o seu posible impacto ambiental, paisaxístico e na saúde das persoas
- A produción de refugallo non perigosos en Galicia aumentou nunha década en case un 70 % o que fai necesario avaliar a autorización de novas instalacións preparadas para garantir a eliminación dos residuos nos que non é viable ningunha outra opción

Galicia converterase na primeira comunidade española en elaborar unha zonificación do seu territorio co fin de determinar que lugares son aptos para a posible implantación de novos vertedoiros de residuos non perigosos e en cales, polo contrario, a Xunta non permitirá a súa autorización.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático licitará este mes a elaboración do plan específico que permitirá delimitar con claridade que zonas serán viables e axeitadas para albergar a futuro este tipo de instalacións, unha ferramenta pioneira a nivel nacional e coa que busca garantir unha xestión e distribución máis eficaz, controlada e axustada ás necesidades reais da Comunidade neste eido.

A elaboración desta planificación farase, por un lado, aplicando unha metodoloxía baseada en sistemas de información xeográfica (SIX) e por outro, nunha análise multifactorial. Neste sentido, os principais criterios que se aplicarán e terán en conta para zonificar o territorio galego serán a proximidade a áreas residenciais e industriais, a existencia de augas subterráneas e reservas naturais próximas ou a protección do patrimonio cultural, entre outros factores.

Este enfoque permitirá recompilar, xestionar e analizar datos espaciais, identificando as áreas axeitadas para albergar este tipo de depósitos e asegurando decisións fundamentadas en evidencias, minimizando riscos ambientais e climáticos, impactos paisaxísticos e de saúde pública. Co mesmo fin, tamén se valorará unha distribución xeográfica proporcional e racional dos vertedoiros do territorio, para evitar, por exemplo, unha posible concentración destas instalacións nunha mesma provincia.

Cómpre lembrar que a produción de residuos non perigosos en Galicia aumentou en case un 70 % nunha década, pasando dun volume global de xeración de 1.889.828

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

toneladas en 2013 a un volume global de 3.191.203 toneladas no ano 2022, o que xerou maior presión sobre os vertedoiros de residuos non perigosos existentes na Comunidade.

De feito, a día de hoxe o único vertedoiro controlado de residuos non perigosos de orixe industrial activo en Galicia e con capacidade de recollida é o de Sobrado dos Monxes.

Aínda que a Xunta está plenamente comprometida cos obxectivos europeos e avanza no fomento da prevención, a reutilización e a reciclaxe de residuos, a eliminación dunha parte dos refugallos mediante o seu depósito en vertedoiros controlados e con todos os requisitos de deseño e seguridade que fixa a normativa vixente segue sendo necesaria, xa que ofrece unha solución final para aqueles residuos nos que calquera outra opción resulta inviable, por exemplo, os rexeites procedentes das plantas de valorización.

De feito, tendo en conta a necesidade dos vertedoiros na propia xerarquía da xestión dos residuos, o obxectivo a nivel comunitario é acadar o chamado vertido técnico 0, é dicir, reducir ata o 10 % os refugallos que teñen como destino final este tipo de instalacións —porcentaxe que deberá materializarse no ano 2035— porque non se poden reutilizar, reciclar ou valorizar.

Planificación racional e adaptada ás necesidades

A importancia desta zonificación para planificar a implantación de futuros vertedoiros de residuos en Galicia radica en que permitirá á Xunta, por primeira vez, establecer estratexias claras para a súa xestión e control, aliviando a presión que soportan actualmente as instalacións existentes (moitas preto de acadar a súa capacidade máxima) e, á vez, minimizando os posibles impactos derivados das novas implantacións e mellorando a calidade de vida das persoas.

Así, ao igual que se fixo no caso da rede pública de infraestruturas para a xestión dos biorresíduos en Galicia co fin de que calquera municipio tivera unha planta de transferencia a menos de 50 km, o obxectivo é dimensionar e distribuír polo territorio da forma máis lóxica e racional posible este tipo de instalacións, tratando de reducir a pegada de carbono derivada do transporte dos residuos ata vertedoiro e autorizando só aqueles que sexan xustos e precisos para cubrir as necesidades futuras de depósito.

Ademais, estes novos vertedoiros poderán incorporar as tecnoloxías máis avanzadas dispoñibles e aplicar prácticas de xestión que redunden nunha mellora da súa eficiencia e reduzan o impacto sobre a contorna.

Neste sentido e como mostra de que o respecto medioambiental será clave nesta zonificación, o plan será sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica e tramitarase coa máxima transparencia, apostando pola participación pública durante todo o proceso de elaboración para asegurar que as decisións sexan aceptadas e teñan en conta as inxerencias da cidadanía afectada.

En canto á elaboración do plan —cun orzamento reservado de 42.000 euros—, terá un prazo de execución de 13 meses e dividirse en tres fases. A primeira centrarase en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

definir a metodoloxía de traballo e o inventario de condicionantes para a súa implantación a futuro e en facer unha diagnose da situación actual dos vertedoiros de residuos non perigosos autorizados en Galicia.

A continuación, elaborárase o borrador do plan e recompilarase a información necesaria para iniciar a tramitación ambiental do documento inicial e nunha terceira fase, redactarase a versión definitiva, que estará lista o ano que vén.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA ESTE ANO UNHA OFICINA VIRTUAL PARA A ASISTENCIA REMOTA A VÍTIMAS DE DELITOS

- Ampliará o servizo que ofrecen actualmente estas oficinas, presentes nas 7 cidades principais de Galicia, e facilitará unha atención personalizada e continua das persoas
- Ao longo deste ano renovarase toda a plataforma de gravación de vistas para que sexa máis fácil de usar, máis segura e máis funcional
- O pasado ano rexistráronse 114.000 gravacións nas salas de vistas galegas, un 19% máis que en 2023
- En 2025 ampliaranse as funcionalidades da sede xudicial electrónica, que o ano pasado rexistrou case un 50 % máis de trámites por parte da cidadanía
- O expediente xudicial electrónico xa permite a consulta de máis de 3,4 millóns de procedementos e este ano disporá dun novo explorador para acceder á documentación dun xeito máis intuitivo e eficiente

A Xunta porá en marcha este ano unha oficina virtual de asistencia ás vítimas de delitos, que lles permitirá contactar a través de vídeoconferencia cos equipos de profesionais que atenden estes centros. O obxectivo desta iniciativa é ampliar o servizo que ofrecen actualmente as 7 oficinas de asistencia a vítima e facilitar unha atención personalizada e continua. Ademais, porase en marcha un espazo web con toda a información sobre os servizos destes centros para ampliar a súa difusión entre a sociedade.

É unha das iniciativas do *III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2025*, que durante o pasado ano dotou as oficinas de asistencia á vítima dun sistema de información, adaptado ás necesidades e requirimentos dos psicólogos e traballadores sociais que traballan nelas, que permitiu rexistrar preto de 1.200 expedientes e facilita a atención e o seguimento das persoas.

Son datos do balance de execución do *Plan Senda* durante 2024, no que se avanza, tamén, actuacións previstas para este ano, como a renovación da plataforma de gravación de vistas. A nova versión do sistema eFidelius incorporará actualizacións tecnolóxicas e novas funcionalidades que farán o seu uso máis sinxelo e reforzarán a seguridade. En 2024 a plataforma realizou máis de 114.000 gravacións, un 19 % máis que en 2023.

O achegamento da vía telemática á cidadanía é outro dos obxectivos da dixitalización da Xustiza, no que a sede electrónica xudicial ten un papel destacado. En 2024 os galegos e galegas presentaron máis de 20.300 escritos a través desta sede, preto dun 50 % máis que o ano anterior. En 2025 ampliaranse as funcionalidades da sede xudicial e está prevista a publicación de novas versións, tanto da sede electrónica xudicial como do portal xustiza.gal.

O Plan avanza na consolidación do Expediente Xudicial Electrónico, no que máis de 3.200 profesionais entre xuíces, maxistrados, letrados, fiscais e persoal do Imelga e dos Rexistros poden acceder a máis de 3,4 millóns de procedementos, que inclúen tanto documentos como gravacións de vistas. En 2025 implantarase un novo visor do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

expediente xudicial electrónico, un explorador que permitirá acceder e traballar cos documentos dunha forma máis intuitiva e eficiente.

A sinatura dixital incrementouse un 14 % en 2024, acadando os 4,5 millóns de asinados online. Durante o 2024 ampliouse nun 33 % o número de persoas que dispoñen de acceso ao escritorio remoto, o que supón que 2.563 profesionais do eido xudicial poden teletraballar ou realizar o seu traballo en mobilidade.

Este ano finalizarase a implantación do novo modelo de rexistro civil, baseado na tramitación integramente electrónica, co que xa traballan 31 partidos xudiciais e 189 oficinas colaboradoras. En 2024 avanza na dixitalización dos libros de inscricións de nacementos, matrimonios e defuncións dos rexistros civís e xulgados de paz desde 1950.

O pasado ano despregáronse redes para a conexión WiFi segura na práctica totalidade das salas de vistas e audiencias de xulgados galegos e dotouse de equipamento dixital a 20 salas de declaracións, conciliación ou multipropósito e a 5 salas "amables" (espazos para facilitar a participación nas vistas de persoas vulnerables).

A capacitación é unha das liñas de actuación do Plan para acompañar aos profesionais da Xustiza en todo o proceso e en 2024 realizáronse máis de 3.300 horas de formación.

Durante 2025 levaranse a cabo as accións necesarias para dar resposta á Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Investimento de 43 millóns de euros ata 2025

Todas estas actuacións enmárcanse no *III Plan Tecnolóxico da Administración da Xustiza en Galicia. Senda 2025*, que busca a consolidación dixital da xustiza, para facela máis próxima á cidadanía e ofrecer uns servizos máis personalizados e adaptados ás súas necesidades. O Plan conta cun investimento de 43 millóns de euros en cinco anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA A MELLORA DE 61 PARADAS DE AUTOBÚS EN VÍAS AUTONÓMICAS AO SEU PASO POR SETE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL

- Esta actuación suporá un investimento autonómico que supera os 1,8 M€
- Trátase de actuar no ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade de Ferrol nos concellos da Capela, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez, Cedeira, Narón, Ortigueira e Valdoviño
- As intervencións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- O proxecto someterase nos vindeiros días a información pública, para a continuación realizar a convocatoria das expropiacións, e licitar a execución da obra a finais deste ano ou principios de 2026
- As actuacións forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe someter a información pública o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 61 paradas de autobús situadas en estradas da rede autonómica de estradas de Galicia, na comarca de Ferrol, e que suporán un investimento que supera os 1,8 M€.

O Goberno galego tamén deu conta da aprobación provisional do proxecto, previa aos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos que se sitúan nas estradas de titularidade da Xunta AC-110, AC-112, AC-116, AC-564, AC-566, AC-861 e AC-862, ao paso polos concellos da Capela, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez, Cedeira, Narón, Ortigueira e Valdoviño.

As actuacións proxectadas comprenderán o acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas.

Ademais colocaranse refuxios deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade e procederase á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

As actuacións tamén prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras obxecto deste proxecto farán necesario expropiar un total de 23 predios, polo que se dispón tamén a ocupación para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación é de 489,59 m².

Estes proxectos de mellora de accesibilidade e conectividade das 61 paradas de autobús identificadas na rede de estradas da Xunta nas rutas de acceso polo norte á cidade de Ferrol, permitirán mellorar 41 paradas no municipio de Narón, 8 en Valdoviño e 3 municipios de Cedeira, As Pontes de García Rodríguez, e Ortigueira, respectivamente. Tamén se propón a mellora de 2 paradas no concello das Somozas e 1 na Capela.

O obxectivo é incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos no uso do transporte público, fomentando a diminución do uso dos movementos de curto e medio recorrido en transporte privado, con orixe ou destino nas cidades de maior poboación, o que redundará nunha diminución das emisións de xeito gradual.

Os proxectos enmárcanse no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente, e son susceptibles de financiación dos fondos europeos Feder 21/27.


Tramitación

O proxecto provisional aprobado provisionalmente hoxe polo Executivo autonómico, someterase nos vindeiros días ao trámite de información pública durante o prazo de 30 días.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto no segundo semestre deste mesmo ano, para a continuación realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución da obra no ano 2026. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

Estes proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Imaxes exemplo de planta das actuacións a executar e tipoloxía das paradas a instalar:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



MODELO RURAL



MODELO URBANO

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ O EMPRENDEMENTO FEMININO NA ECONOMÍA SOCIAL CUN CERTAME QUE RECOÑECERÁ OS MELLORES PROXECTOS DE MULLERES NESTE ÁMBITO

- Trátase dunha das actuacións previstas pola Rede Eusumo para desenvolver este ano e que forman parte dun contrato que está en licitación cun valor estimado de máis de 1,3 M€ e que tamén inclúe accións para achegar as entidades a sectores estratéxicos
- Así o destaca un informe analizado hoxe no Consello e que tamén reflicte o crecemento da economía social galega no 2024 coa creación de 150 cooperativas, 124 sociedades laborais, tres empresas de inserción e seis centros especiais de emprego
- Con máis de cen entidades adheridas na actualidade, desde 2012 a Rede Eusumo organizou máis de 1.800 actividades formativas e asesorou máis de 1.700 proxectos a prol da economía social, eido ao que a Xunta destina este ano preto de 45 M€

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Rede Eusumo, impulsada polo Goberno galego no 2012 para o fomento e o desenvolvemento da economía social que reflicte aspectos e actuacións relacionadas coa economía social galega no 2024 e destaca novidades nas que se está a traballar dentro desta rede, entre elas a creación dun certame para recoñecer os mellores proxectos de emprendemento feminino en economía social.

Trátase dunha das actuacións previstas pola rede para desenvolver ao longo deste ano e que forman parte dun contrato que está en fase de licitación cun valor estimado de máis de 1,3 M€. Outra das accións previstas é o deseño dun plan estratéxico en liña coa Estratexia galega de economía social para a posta en marcha de proxectos, deseño de actividades, unha plataforma de teleformación coa finalidade de reforzar o acompañamento e asesoramento na constitución de novas entidades. Deste xeito, búscase ofrecer unha prestación integrada no fomento da economía social, fórmula empresarial baseada nunha serie de principios de inclusión, sostibilidade, igualdade e solidariedade.

Ademais, ao abeiro da Rede Eusumo, tamén se levarán a cabo accións formativas, de acompañamento e asesoramento orientadas a entidades da economía social para achegalas a sectores estratéxicos como a intelixencia artificial, as renovables, a economía dos coidados e a economía verde e azul, entre outros.

Crecemento da economía social galega

En relación ao ano 2024, o informe da Rede Eusumo salienta o crecemento da economía social, o que se albisca no incremento de catro das principais familias que a conforman e que son as cooperativas, as sociedades laborais, as empresas de inserción e os centros especiais de emprego. Neste sentido, o documento sinala que o ano pasado se crearon 150 novas cooperativas cun total de 406 persoas socias promotoras. Neste caso, destaca a equiparación das persoas socias promotoras, cunha distribución do 49 % de mulleres e do 51 % de homes, o que reflicte ao cooperativismo como fórmula a prol da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

igualdade e a promoción do emprego. Neste ámbito, hai que sinalar que 2025 é o Ano Internacional das Cooperativas, baixo o lema *As cooperativas constrúen un mundo mellor*. Nesta liña, o Goberno galego seguirá impulsando e fortalecendo o cooperativismo como un pilar clave da economía galega.

Ademais, o documento amosa que no 2024 se crearon 124 sociedades laborais, cun total de 156 persoas socias promotoras e tres empresas de inserción, que son sociedades mercantís ou cooperativas sen ánimo de lucro que producen bens e servizos co obxectivo de integrar a persoas en risco ou en situación de exclusión social. A isto súmase a constitución de seis centros especiais de emprego, que son entidades que xeran emprego para as persoas con discapacidade e promoven a súa integración na empresa ordinaria.

A economía social en conxunto representa en Galicia máis do 7 % do PIB e as entidades que a conforman xeran máis de 17.000 empregos. Na actualidade a comunidade conta con máis de 3.500 entidades —entre cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas inserción—, 230 delas nacidas no último ano, que implicaron a preto de 600 novas persoas socias promotoras, a metade mulleres. Ademais, en 2024 a economía social xerou 800 novos empregos.

A Rede Eusumo

A Rede Eusumo conta actualmente con máis dun cento entidades adheridas. A través dela, préstase apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social, pónense a disposición das persoas e entidades interesadas medios para o emprendemento entre os que se inclúen as instalacións para albergar o inicio de proxectos empresariais e impúlsase o modelo empresarial no ámbito local con accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego na economía social. Nesta liña, desde a súa creación en 2012, organizou máis de 1.800 actividades formativas e asesorou máis de 1.700 proxectos.

Esta iniciativa enmárcase na aposta do Executivo galego a prol da economía social, ámbito ao que este ano destina case 45 M€ e no que impulsou a Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, coa que se estima crear 4.000 novos postos de traballo baixo o paraugas desta modalidade de negocio e constituír 400 novas entidades. Esta estratexia tamén abarca os apoios específicos para as entidades colaboradoras da rede Eusumo, aos que este ano se destinan 690.000 €, así como os que son para incrementar a competitividade das diferentes entidades, entre eles o programa Aprox Economía Social (5 M€), o Bono consolida (máis de 2,7 M€) e as axudas para fortalecer o tecido asociativo do sector (330.000 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA DE CIENCIAS MARIÑAS CONSOLIDA A GALICIA COMO REFERENTE NO ÁMBITO DA CIENCIA, O COÑECEMENTO E A INNOVACIÓN

- As ferramentas e tecnoloxías desenvolvidas permiten optimizar e reforzar de maneira sostible a produción marisqueira e acuícola, impulsando a economía azul do país
- Dispón dun orzamento de 10 M€, dos que a Xunta achega 4 millóns, cofinanciados polo Fempa
- Ata a data completáronse 110 fitos dos 233 programados, e difundíronse unha trintena de publicacións destacadas a nivel nacional e internacional

O Consello da Xunta deu hoxe conta do informe do estado de execución do Programa de Ciencias Mariñas, destinado a transformar e mellorar a resiliencia da Galicia do mar, coordinando e impulsando a labor de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e o diálogo entre o sector científico e de innovación e a sociedade galega. Esta dirección estratéxica céntrase na ciencia mariña e busca fomentar a colaboración entre a comunidade investigadora galega e os axentes sociais, económicos e institucionais vinculados á actividade marítimo pesqueira.

Aborda tres grandes liñas de actuación enfocadas na observación e monitorización mariña, na acuicultura e nas actividades da economía azul. Está coordinado polo IIM-CSIC, Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM), e conta coa participación do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), Instituto Galego de Formación Acuícola (Igafa), MeteoGalicia, o Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC), o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade da Coruña (UdC).

Dispón dun orzamento de 10 millóns de euros, dos que 6 millóns son achegados polo Ministerio de Ciencia e Innovación mediante os fondos do programa Next Generation EU, e 4 millóns da Xunta de Galicia, a través do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (Fempa).

Actuacións concretas

As 39 actuacións que comprende artéllanse en 11 paquetes de traballo. Ata a data, completáronse 110 fitos dos 233 programados. Así, dentro da primeira liña de actuación, Observación e Monitorización do Medio Mariño e do Litoral, reforzouse a accesibilidade dos datos mariños mediante a plataforma BigData Ciencias Mariñas. Asemade, integráronse sistemas de observación con sensores avanzados, intelixencia artificial e drons para optimizar a monitorización ambiental e tamén se melloraron modelos de predición oceanográfica, pesqueira e acuícola, avanzándose no deseño dunha estratexia de observación mariña para Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco da liña de actuación Acuicultura Sostible, Intelixente e de Precisión, completouse a información do 90 % do xenoma do mexillón e logrouse a ensamblaxe cromosómica da ameixa xapónica. Desenvolvéronse ferramentas xenómicas avanzadas para bivalvos e peixes, optimizáronse sistemas de cultivo larvario e de criopreservación, mellorando a supervivencia das larvas criopreservadas. En sanidade acuícola, perfeccionáronse técnicas diagnósticas e formulacións de pensos máis eficientes, a partir de descartes de peixe. Avanzouse na obtención de biosensores non invasivos para rodaballo e tamén na acuicultura multitrófica integrada en sistemas offshore e de recirculación. No cultivo do polbo, creáronse ferramentas de monitorización do benestar e identificáronse biomarcadores de saúde e estrés.

Finalmente, na terceira liña de actuación, Economía Azul, Innovación e Oportunidades, avanzouse na caracterización dos vectores de cambio no litoral, na integración dos datos en xeovisores e no desenvolvemento de modelos para analizar a interdependencia sectorial e valorar servizos ecosistémicos. Tamén se traballou nun marco conceptual do fluxo de xeración do coñecemento, na identificación de actores na cultura oceánica, e desenvolveuse o inventario de boas prácticas en ciencia cidadá. Elaborouse un catálogo de unidades de coñecemento resultantes do Programa para a súa transferencia e unha estratexia de capacitación con módulos formativos e ferramenta de autoavaliación.

O Programa de Ciencias Mariñas de Galicia coordina tamén as actividades de comunicación e difusión, co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos. Estas accións son para facilitar a transferencia de coñecemento, a visibilidade dos resultados e o fortalecemento das sinerxías entre os diferentes axentes implicados. Destacan así o encontro celebrado o pasado ano na Cidade da Cultura e no que asistiron máis 230 persoas e a xeración dunha trintena de publicacións en revistas de referencia nacional e internacional.